
1990
2010
25
20
15
atura (ºC)
Quero ser
investigadora
Universidade de Vigo
6
Maite
deCastro
Rodríguez

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Maite

Un día pregunteille á miña nai:

—Mamá, por que te levantas tan cedo?

Ela respondeu:

—Teño que ir á lonxa buscar o mellor
peixe de Vigo para ti. Durme!


A miña nai mirábame con cariño mentres
se preparaba para traballar. Chamábase Teresa e
traballaba nunha fábrica chamada Álvarez.
A miña nai deixou o traballo para coidarme.

Eu nacín en Vigo no ano 1970.

A miña avoa María tiña un posto de peixe no
mercado. Cando a miña irmá empezou o colexio,
a miña nai quedou co seu posto.

Eu estudei no colexio Carmelitas e no instituto Castelao. Máis tarde fun á universidade en Santiago e estudei Física.

Nunca tiven moi claro que quería ser de maior. Pero sabía que estudar moito podía darme máis oportunidades de traballo.
Pouco a pouco decateime de que me gustaba investigar.



A investigación permitiume:

- estudar cousas diferentes
- resolver problemas científicos
- seguir aprendendo
- escribir artigos e ir a congresos

Problemas científicos

Son preguntas ou dúbidas sobre como funciona o mundo que aínda non teñen resposta e que necesita ser investigada.

— Xurden cando algo non encaixa co que xa sabemos ou cando algo non funciona como debería.
— Son preguntas concretas como: que está secando este río?
— O problema debe poder estudarse usando o método científico: observando, medindo e probando.
— Intenta explicar feitos que non están claros.

Durante o doutoramento coñecín a Moncho,
que hoxe é o meu marido. Tamén era físico.

Non tiñamos cartos e
tiven que traballar en moitas cousas como
dar clases ou facer enquisas.
A miña familia axudoume moito.

Despois da tese, traballei como profesora
na Universidade de Vigo, en Ourense.
E Moncho conseguiu unha praza fixa alí.
Casamos e tivemos un fillo chamado Nicolás.

En 2021 conseguín ser catedrática.
Agora coordino un grupo de investigación.

O meu traballo é estudar
como as persoas afectan ao planeta.


Tamén estudo como
pode cambiar no futuro.

Para iso analizo datos como:

- temperatura
- choiva
- sal
- CO_2 (dióxido de carbono)

Estudo a atmosfera, o océano e o xeo.

Usamos programas de ordenador moi potentes. Estes programas simulan o que pasa na natureza.



Dióxido de Carbono ou CO_2

Gas natural e vital, pero xerado en exceso pola actividade humana. Actúa como unha "manta" arredor da Terra, collendo o calor do sol. Está causando o quecemento global.

Quecemento global

Como os humanos usamos gasolina ou gas, acumulamos demasiado CO_2. Esta "manta" está calentando o planeta moi rápido.

Consecuencias negativas:
o nivel do mar sube,
o xeo derrítese e
o clima cambia.

Non me gusta o negacionismo do cambio climático. Tampouco me gusta que non se tomen medidas.

Co meu traballo quero que a xente entenda a importancia de coidar o planeta.

Quero que todos pensemos e actuemos mellor.

Gústame moito o meu traballo. Cada mañá levántome contenta. É un traballo flexible e permíteme ter tempo para a familia.

Cando quero descansar: paseo polo monte, leo libros e escoito música. Gústame moito a canción "Every breath you take".

Outras consecuencias do cambio climático

Clima extremo: sequías, inundacións, tormentas máis fortes e incendios forestais.

Animais e plantas perden os seus fogares e moitos poden desaparecer.

Problemas para as persoas: Escasez de auga e alimentos, enfermidades e danos na saúde.



Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN